

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES

CURSO: 5º

MATERIAS: LINGUA GALEGA E LITERATURA, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. CCL,CAA
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. CCL,CD,CAA,CSIEE
	LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados. CCL
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes.	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). CCL
	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. CCL,CAA,CSIEE
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. CCL,CAA
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.CCL,CD
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. CCL,CSIEE,CAA
B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.CCL,CAA,CSC
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. CCL,CAA,CSIEE
	LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). CCL
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir,	LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou seguindo un

resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. CCL,CAA
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico(cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.CCL,CAA,CSIEE
B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais. CCL,CD,CSIEE
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. CCL,CD,CAA
	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. CCL,CSC
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x. CCL,CSC,CCEC
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados. CCL
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. CCL,CCEC

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas, respectando as normas da comunicación:, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso, exposicións planificadas, conversas. CCL, CAA, CSC
	LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade. CCL,CAA
	LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, , participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía. CCL,CAA,CSC
	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.CCL
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos-exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.

	CCL,CD,CAA,CSC,CSIEE
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. CCL
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.	LCB1.5.1. Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais CCL,CAA
B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector(anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura).	LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. CCL CAA LCB2.2.3. Identifica as palabras clave dun texto. CCL,CAA
B2.4. Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais.	LCB2.4. 4. Selecciona lecturas con criterio persoal e manifesta a súa opinión sobre os textos lidos. CCL,CAA,CSIEE
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. CCL LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... CCL,CD,CAA
	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. CCL,CAA
	LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero. CCL,CAA,CSIEE
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. CCL
B3.4. Utilizar de xeito autónomo o dicionario.	LCB3.4.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.

	CCL,CAA
	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis...facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación. CCL,CD,CAA,CSIEE
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. CCL,CSC
B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas CCL,CD,CAA
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario(formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. CCL
	LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. CCL
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas. CCL
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. CCL
	LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. CCL
	LCB4.4.4. Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas. CCL
Ciencias da Natureza	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e	- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.

<p>indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. - Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais - Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. - Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. - Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. - Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. - Efectúa buscas guiadas de información na rede. - Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. - Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. - Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. - Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e
---	--

<p>funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. - Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. - Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<p>presenta conclusións en diversos soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. - Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. - Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. - Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. - Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. - Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.
---	---

Ciencias sociais

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> - Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. - Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. - Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

<p>achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. - Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. - Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. - Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais. - Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. - Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. - Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España - Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. - Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. - Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. - Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. - Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. - Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. - Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. - Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. - Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. - Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
---	---

Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns,	- Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio,

<p>regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver. - Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. - Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). - Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. - Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.- - Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.- - Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes 	<p>en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso. - Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. - Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas. - Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. - Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros. - Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes. - Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. - Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal. - Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. - Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. - Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. - Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
--	---

procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.

- Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

- Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.-

- Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.

- Operar con diferentes medidas.

- Realiza operacións con números decimais.

- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

- Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.

- Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.

- Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.

- Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.

- Calcula o mcm e o mcd.

- Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.

- Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.

- Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

- Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.

- Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

- Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. - Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.- 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición. - Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos. - Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.
---	--

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.1.1. Actúa de forma respectable e digna. CSC,CSIEE
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos. CSC,CSIEE
B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Traballa valorando o esforzo individual e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos. CSC,CSIEE
B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	
B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais. CCL,CSC,CSIEE
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. CSC
	VSCB3.2.3. Respecta as regras da túa casa e da comunidade.CSC
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.3. Respecta as normas dos espazos de convivencia .CSC
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo. CSC,CSIEE
B3.14. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.14.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. CD,CSC
	VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Todas as actividades que se desenvolverán serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación de aprendizaxes anteriores. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. Valoraranse só positivamente as tarefas realizadas neste trimestre, nunca negativamente. Os procedementos que se utilizan son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática da resposta do alumnado e interacción entre profesorado e alumnado. • Análise de tarefas escritas e tarefas orais (traballos realizados en plataformas dixitais, documentos en PDF, fotografías, escaneados, audios vídeos,...); comunicación a través de correo electrónico, videoconferencias co alumnado, etc. • Valoracións dos traballos. <p>Recompilación dos materiais e tarefas realizadas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tareas usando: <ul style="list-style-type: none"> ○ Fichas de comprensión oral (no caso de lingua estranxeira listenings), de videos, cancións, diálogos,... ○ Fichas de comprensión escrita (no caso de lingua inglesa reading) con vocabulario e estruturas previamente traballadas. ○ Audios ou videos de expresión oral (no caso de lingua inglesa speaking). ○ Fichas de expresión escrita (no caso de lingua inglesa writing) de vocabulario e estruturas estudadas previamente. • Proxectos. • Uso de páxinas WEB, correo electrónico,... • Plataforma de videoconferencias CISCO WEBEX • ...•Cualificación final•Indicar o procedemento para obter a cualificación ...
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final distribuirase do seguinte xeito: 1º trimestre: 40% 2º trimestre: 60% 3º trimestre: Ata un 20%.</p> <p>Para o alumnado que superou a materia do primeiro e do segundo trimestre poderá aplicárselle positivamente ata un 20% máis no 3º trimestre (ata un máximo de 2 puntos) tendo en conta que o 10 e a cualificación máxima. Para o alumnado que ten suspensa/s algunha/s materia/s pode superar a mesma/s se coa posibilidade de obter ata o 20% adicional chega ao aprobado (5) ou o supera.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Cada alumna/o realizará as súas actividades ou ben no seu ordenador persoal en soporte dixital, no seu caderno de aula e no seu libro electrónico. A través da Plataforma Dixital Edixgal, fará chegarllas ao/á titor/a. As actividades son globalizadoras e interdisciplinares o que implica que cada familia poderá adaptarse ás posibilidades que posúan e que poidan seguir o proceso de ensinanza aprendizaxe do seu fillo/a.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado con conectividade traballa mediante a Plataforma Edixgal, o correo electrónico e mediante aplicacións de teléfonos intelixentes (Abalar Móbil, Cisco,...) e videoconferencia a través de Cisco Webex cando as circunstancias o permitan.
Materiais e recursos	O soporte principal é o computador E-dixgal. Libros dixitais (Netex, EDEBÉ,...) e recursos na Internet. Fichas deseñadas e elaboradas polo profesorado, descargadas ou escaneadas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>As actividades son enviadas ás familias mediante correo electrónico ou a través dunha aula virtual.</p> <p>Excepcionalmente, xa que é unha ferramenta recentemente incorporada, tamén se empregará CISCO WEBEX MEETINGS en coordinación cos demais profesores/as.</p> <p>O alumnado sen conectividade será informado telefonicamente ou empregando como canle de comunicación o departamento de orientación.</p> <p>Sempre que se requira información do alumnado por parte do mestre/a poderá facerse uso de: correo electrónico, chamadas de teléfono, videoconferencia, correo electrónico, etc.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.